

IX CAMPUS MUSICAL : INFORMACIÓN XERAL E NORMAS

HORARIO E UBICACIÓN

Datas: martes 4 a venres 7 de xullo de 2017, ambos incluídos

Horarios:

- Mañás: **9.30-14.00 h** (descanso de 11.30 a 12.00h)
- Tardes: **17.30-19.00 h** (clases) e de **20.00 a 21.30 h** (ensaíos, forman parte ineludible da formación a recoñecer no diploma)

Clases:

- De todos os instrumentos agás percusión: IES Punta Candieira (Rúa do Ensino s/n, ver [ubicación](#))
- Percusión: no Auditorio Municipal de Cedeira (Travesía Silva nº 38, ver [ubicación](#))
- Ensaíos de banda: no Auditorio ou ao aire libre. (Se o número de matriculados excede a capacidade do Auditorio, fariáanse ensaios por idade e nivel)

A **presentación do campus** será o **martes ás 9.00 h** no Salón de actos do Instituto. A continuación realizarase a organización das clases e grupos.

ESPECIALIDADES

Frauta, óboe, clarinete, fagot, saxofón, trompeta, trompa, trombón, tuba/bombardino, percusión e violoncello.

MODALIDADES

Hai tres modalidades: alumnos activos, sección grupal e oíntes.

- Alumnos activos.- disporán de polo menos unha clase individual dunha hora de duración co profesor do seu instrumento, participación activa en sección grupal da súa especialidade e ensaios de banda.
- Sección grupal.- participación activa en seccións grupais (aspectos técnicos e de interpretación, non de xeito individualizado) e en ensaios de banda. Poden asistir como oíntes ás clases individuais dos alumnos da súa especialidade.
- Alumnos oíntes nas clases individuais e nas grupais seccionais, con participación activa nos ensaios de banda.

NÚMERO DE PRAZAS

12 prazas de alumnado activo por profesor.

Sen límite de participantes para sección grupal e alumnos oíntes.

ALOXAMENTO E COMIDAS

Aloxamento:

A Federación ofrece hospedaxe gratuita no pavillón do instituto aos alumnos do Campus.

Disporase dun número limitado de camillas militares pregables, que serán asignadas por orde de inscrición. Cada

alumno deberá levar saco de durmir (poderá engadir algún tipo de acolchado baixo o mesmo), toalla de aseo e neceser co material de aseo persoal e responsabilizarse das súas pertenzas. Recoméndase gardar cautela cos obxectos de valor. Outras recomendacións: toalla de praia, crema ou spray protector, calzado de baño, gorro.

Opcións de hospedaxe alternativo (ver [enlace](#))

Comidas:

O almuerzo terá lugar na cafetería do instituto, cun prezo de 2,50 €. O xantar e cea será na cafetería do auditorio, a 7 € cada comida.

A reserva de comidas e/ou aloxamento realizarase a través do formulario de inscrición na páxina web. O pago das comidas realizarase íntegro o primeiro día no instituto e no auditorio según cada reserva.

PREZOS

MATRÍCULA CAMPUS (abóase por transferencia bancaria antes de formalizar a matrícula no Campus)

Activos: non federados: 120 €

músicos federados na FGBMP: 60 €

músicos federados integrantes da Banda Sinfónica da FGBMP: 40 €

Grupal: non federados: 60 €

músicos federados na FGBMP: 30 €

músicos federados integrantes da Banda Sinfónica da FGBMP: matrícula gratuíta

Oíntes: non federados: 20 €

músicos federados na FGBMP: 10 €

músicos federados integrantes da Banda Sinfónica da FGBMP: matrícula gratuíta

COMIDAS (abóase o total da reserva o primeiro día no propio establecemento. É necesaria reserva previa no formulario de matrícula a través da web)

Almuerzo: 2,50 € (café con leite ou cola-cao e peza de bolería)

Xantar: 7 €

Cea: 7 €

ALOXAMENTO

Gratuíto no pavillón, previa reserva no formulario de matrícula a través da web.

MATRÍCULA

A matrícula realizarase a través do formulario de inscrición habilitado no apartado *Trámites* da web da Federación (www.bandas.gal). Será preciso cubrir os datos solicitados e adxuntar copia do resgardo de transferencia bancaria. Os ingresos realizaranse libres de cargos no número de conta IBAN: ES28 2080 0372 8130 4000 3752.

Ningunha inscrición será considerada ata que non se envíe a copia do resgardo de ter realizado o pago.

Os músicos federados na FGBMP ou integrantes da Banda Sinfónica non é necesario que envíen documentación acreditativa desta condición. A comprobación será realizada pola Federación unha vez recibida a inscrición.

Cada especialidade permanecerá aberta mentres haxa prazas dispoñibles de alumnos activos.

As solicitudes de alumnos activos recibidas posteriormente a ter completadas as prazas dispoñibles terán a

posibilidade de participar como alumnos de sección grupal ou oíntes e unha vez rematado o campus reeembolsaráselle a diferenza do importe aboado.

*Todos os alumn@s deberán traer consigo a tarxeta sanitaria.

ANULACIÓN DA MATRÍCULA E DEVOLUCIÓN DO IMPORTE

En caso de anulación de matrícula por parte do alumno, a devolución dos importes efectuados realizarase previa solicitude por escrito á FGBMP, adxuntando a documentación pertinente.

Se a anulación se efectúa antes do remate da inscrición na especialidade escollida, devolverase a totalidade do importe ingresado. Se a anulación se efectúa unha vez pechada a matrícula, a devolución será do 75 % da matrícula. Se a anulación ten lugar durante a realización do Campus non se devolverá o importe ingresado.

DISTRIBUCIÓN DAS CLASES

Os profesores levarán a distribución e organización das clases. A distribución será establecida o primeiro día entre cada grupo e o seu profesor, atendendo á dispoñibilidade dos docentes e ó resto de actividades programadas. Intentará terse en conta tamén a dispoñibilidade do alumnado.

Os profesores atenderán as necesidades individuais de cada alumno, facendo especial fincapé nunha fórmula de traballo conxunto que faga máis frutífero e participativo o proceso de aprendizaxe. De tal xeito valorarase como prioritaria a posibilidade de aprender na propia práctica da técnica en conxunto, así como a música de cámara. Entendido o anterior non se declina a posibilidade de que cada docente traballe os aspectos fundamentais da técnica instrumental, repertorio solístico ou orquestrais adaptado ao nivel do alumnado e traballo do repertorio orquestral máis representativo do instrumento (solos de banda ou orquestrais).

CONCERTO DE CLAUSURA

O Concerto de clausura e entrega de diplomas terá lugar o venres pola tarde ás 20.00 h na Praza do Floreal de acceso libre para o público xeral.

Calquera outra actividade programada durante o Campus ou variación será comunicada ao alumnado.

DIPLOMA

No concerto de clausura farase entrega aos alumnos do Campus dun diploma de asistencia por 30 horas. A non asistencia ao 10% do total das actividades programadas suporá a non entrega do mesmo.

NORMAS

- A asistencia ás clases e a participación nas actividades programadas é obrigatoria para todo o alumnado.
- Coidar, respectar e empregar axeitadamente os espazos e materiais dos centros onde se realiza o campus, así como respectar a compañeiros, profesorado e organización.
- Só está permitido comer nos espazos habilitados a tal efecto nas diferentes ubicacións onde terá lugar o campus.
- **Dada a natureza deste encontro destinado a xóvenes, rógaselle a aquelas persoas que precisasen o consumo de alcol ou calquera outro tipo de drogas para divertirse, se absteñan de inscribirse neste campus. Se se dese algún caso, a persoa sería inmediatamente expulsada e chamados seus pais ou titores no caso de ser menor de idade para que acudisen a recollelo. En ningún caso se lle devolvería ningún importe realizado pola súa participación no campus.**

ALUMN@S MENORES

- A organización só se fai cargo da custodia dos menores de idade durante as clases, comidas e dentro das instalacións do aloxamento daqueles que están hospedados.
- Os menores deben permanecer no interior do recinto no que se desenvolvan as súas actividades. A saída dos recintos debe contar SEMPRE coa autorización expresa da ORGANIZACIÓN

Procedemento para as saídas:

1.- Menores que se aloxen durante o campus

Para calquera saída que realicen deberán presentar á organización autorización por escrito según o modelo dispoñible na web da Federación, adxuntando DNI do pai/nai/titor que o asine.

2.- Menores que fagan algunha comida coa organización

Agás os alumnos de percusión, agardarán na **porta do Instituto** ao remate das clases a que un membro da organización os acompañe ao auditorio, ao que accederán en grupo sen estar permitida a saída do recinto sen a expresa autorización da organización. Ao rematar procederase á volta do mesmo xeito. No caso das ceas, a recollida dos menores realizarase no propio lugar no que sexan os ensaios de banda.

3.- Menores que non coman coa organización e periodos de descanso

As saídas d@s menores que non comen coa organización e TODAS as saídas de menores polas tardes faranse a través da porta principal do Instituto ou Auditorio. SEMPRE terán que asinar no documento que a organización ten para rexistrar a súa saída. Nel aparecerán reflexados os datos da autorización que remitan os pais/titores:

- a) Se ten autorización para saír so, abandonará o edificio tras firmar.
- b) Se o formulario de saída indica que un adulto o recollerá, non se permitirá abandonar o edificio ata que se presente a persoa indicada. Os adultos que acudan a recoller algún menor, deben agardar na porta principal.
- c) Se a organización non ten formulario de autorización de saídas dalgún alumn@ menor, será preciso que os pais/titores autoricen a saída por escrito e que remitan a ficha destinada a tal efecto o antes posible.
- d) Se a saída dun menor é durante o horario lectivo, a persoa autorizada a recollelo deberá identificarse ante a organización previamente. Será preciso, se non o ten feito antes, que cubra e asine unha autorización de saída na que asuma a tutela do menor. As follas de autorización están dispoñibles na mesa da organización, así como na páxina web da Federación.

NORMAS DE CONVIVENCIA

A inscrición no Campus implica a aceptación das normas de comportamento e convivencia establecidas pola Organización nos lugares onde se desenvolve o mesmo, e que serán entregadas por escrito o primeiro día do campus. O incumprimento destas normas poderá dar lugar á expulsión do Campus por parte da organización, sen ningunha devolución do importe abonado. Nos desperfectos ocasionados no Campus polo alumnado maior de idade, a responsabilidade recaerá sobre eles. No caso de menores de idade, serán responsables os pais ou titores legais.

DEREITOS DE IMAXE

A organización poderá utilizar as imaxes (fotografías e vídeos) tomadas durante os concertos, clases e outras actividades grupais para a promoción do Campus. En caso de non autorizar dita utilización, debe comunicarse á organización antes do inicio do Campus mediante escrito asinado polo músico ou o seu titor en caso de menores de idade. Conforme o disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro sobre a Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais aportados son tratados de xeito confidencial. Serán incorporados aos ficheiros da FGBMP coa finalidade de ser utilizados para xestións relativas ao Campus. O solicitante poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e oposición en calquera momento, comunicándoo por escrito á Federación.

A organización reservase o dereito a realizar os cambios necesarios para o correcto desenvolvemento do Campus.

IMPORTANTE: A matriculación implica a aceptación das presentes bases.

Os teléfonos de contacto coa organización para calquera tema relativo ao Campus entre o 19 de xuño e o 7 de xullo son o **981 591 895, 686 679 83, 615 324 727** ou no mail **campus@bandas.gal**